

Proposta didáctica baseada en corpus para o ensino das unidades fraseolóxicas somáticas en español¹

Corpus-based didactic proposal for teaching somatic phraseological units in Spanish

Cilano Marques da Silva²

Universidade da Coruña

<https://orcid.org/0009-0009-4544-5744>

cilano.marquesdasilva@udc.es

Resumo: A presente proposta didáctica ten como obxectivo expoñer a relevancia significativa que ostentan os corpus lingüísticos no ámbito da lingüística aplicada, así como na esfera do ensino/aprendizaxe das linguas estranxeiras. Os corpus lingüísticos, ao ser compendios sistematizados de expresións verbais e escritas nunha lingua determinada, dispostos dentro dunha estrutura de base de datos, exercen un papel substancial na ampliación do discernimento que os lingüistas adquiren respecto ao funcionamento e a configuración intrínsecas dunha lingua. En adición á súa dimensión analítica, ditos corpus eríxense como recurso didáctico importante no contexto do ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, especialmente no referido a aqueles coñecementos que non se atopan contemplados de maneira explícita nos manuais tradicionais de ensino e aprendizaxe de español LE/L2. Neste sentido preséntase un enfoque centrado na manipulación dos corpus lingüísticos da lingua española co fin de impartir e adquirir un mellor coñecemento das unidades fraseolóxicas (UFS), prestando especial atención a algúns somatismos (SO). As actividades deseñadas neste marco diríxense a estudantes de nivel intermedio (B2) debido a que o contido en cuestión e a competencia necesaria no manexo dos corpus poden resultar complexos para niveis iniciais (A1-A2). Con isto, espérase que, cada vez máis, o profesorado de español LE/L2 e estudantado poidan incorporar con máis frecuencia os corpus lingüísticos no seu día a día para facilitar o proceso de ensino/aprendizaxe do español.

¹ Data de recepción: 22.03.23. Data de aceptación: 15.08.23. Traducido do orixinal en castelán por Beatriz Pérez Mosquera.

² Completou o Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada (MiLA) na Universidade de A Coruña (UDC). Na actualidade, atópase inmerso na etapa do doutoramento a través do *Programa Oficial de Doutoramento en Estudos Lingüísticos*, unha colaboración entre a UDC e a Universidade de Vigo (Uvigo).

Palabras clave: somatismos (SO), unidade fraseolóxica (UF), español LE/L2, didáctica de ELE, corpus lingüísticos, fraseodidáctica.

Abstract: The aim of this didactic proposal is to expose the significant relevance of linguistic corpuses in the scope of applied linguistics, as in the field of teaching/learning a foreign language as well. Linguistic corpuses, being considered as systematized compendiums of verbal and written expressions in a given language, arranged within a database structure, play a substantial role in expanding the discernment that linguists acquire with respect to the functioning and intrinsic configuration of a language. In addition to their analytical dimension, these corpuses emerge as important didactic resources in a context of teaching and learning foreign languages, especially regarding those knowledges which are not explicitly included in the traditional teaching manuals of learning Spanish LE/L2. In this way, we propose a different approach based on the manipulation of linguistic corpuses of Spanish language in order to teach and acquire a better knowledge of phraseological units (PU), paying special attention to some somatism (SO). The designed activities in this framework are oriented to students of intermediate level (B2), due to the fact that the content in question and the necessary competence in the management of the corpuses can be complicated for beginner level students (A1-A2). All in all, it is hoped that, increasingly, LE/L2 Spanish teachers and students will be able to incorporate more frequently the linguistic corpora in their daily work to eventually facilitate the teaching/learning process of Spanish.

Keywords: somatism (SO), phraseological unit (PU), Spanish LE/L2, ELE didactics, linguistic corpus, phraseodidactics.

1. Introducción

Esta proposta didáctica xurdiu, por un lado, da necesidade de falar sobre as unidades fraseolóxicas nas aulas de español LE/L2 e, polo outro, da relevancia do uso dos corpus lingüísticos como recurso didáctico, outro asunto exiguo nas clases de español como lingua estranxeira. Como é sabido, os corpus lingüísticos revolucionaron o mundo da lingüística aplicada debido aos avances tecnolóxicos nas últimas décadas. Isto débese principalmente a que estas coleccións de textos orais e escritos ofrecen unha gran cantidade de datos sobre unha determinada lingua que axuda aos lingüistas a entender mellor o funcionamento e a estrutura das linguas. Ademais, estes textos orais e escritos están estruturados dentro dunha base de datos que facilita o labor dos lingüistas á hora de facer unha análise a grande escala dunha lingua dada. Actualmente, os corpus permiten realizar buscas a través das listas de frecuencia de palabras, diversos elementos gramaticais, recoñecemento de patróns lingüísticos etc.

Estes recursos informatizados non só benefician aos lingüistas, que se adican a estudar os fenómenos lingüísticos, senón que tamén poden utilizarse como soporte didáctico no ensino/aprendizaxe de español como lingua estranxeira/segunda lingua (LE/L2) ou calquera outra lingua. Porén, na actualidade, a súa explotación como ferramenta pedagóxica aínda é escasa. Son poucos os manuais de español LE/L2 que plasman nas súas unidades tarefas que estimulen a utilización dos corpus dentro e fóra das aulas.

No ensino/aprendizaxe de segundas linguas, os corpus poden ocupar un espazo importante tanto na elaboración de materiais didácticos auténticos como para traballar aspectos que non sempre veñen especificados nos manuais, as gramáticas e/ou os dicionarios para

aprendices estranxeiros. Ademais, os beneficios do emprego dos corpus son infinitos, pois permiten que o estudantado estea en contacto directo con mostras reais do uso da lingua, o que facilita a aprendizaxe e a evolución do alumnado en certos aspectos do idioma como poden ser as unidades fraseolóxicas (UFS), contido desta proposta didáctica. Así mesmo, o uso axeitado destes recursos facilita a aprendizaxe autónoma, así como a resolución de problemas lingüísticos que poden xurdir ao longo do proceso de adquisición dunha LE/L2 (Abad Castelló, 2019: 2).

É por isto polo que propoñemos unha unidade didáctica baseada na lingüística de corpus dirixida tanto a estudantes como a profesores de español LE/L2. Esta unidade centrarase nas unidades fraseolóxicas somáticas, tamén coñecidas como somatismos. Estas e outras UFS, a miúdo de natureza complexa, presentan un desafío maior para o estudantado estranxeiro, en parte debido á falta de referencia nas súas linguas maternas e tamén debido ao sentido metafórico que adquiren as palabras que as constitúen.

Desta maneira, a introdución dos corpus lingüísticos nas aulas de español LE/L2 busca contribuír coa familiarización das UFS e o manexo dos corpus, permitindo ao estudantado estar en contacto directo coa lingua dende calquera lugar do mundo mediante exemplos contextualizados do uso da lingua. As tarefas propostas a continuación van dirixidas a estudantes de español como LE/L2 que posúen, ou están estudando, polo menos un nivel B2 de español de acordo co *Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* (MCRE). Consideramos que, para comprender o significado dos somatismos (SO) seleccionados, o estudantado necesita ter polo menos un nivel de español intermedio. Así mesmo, o manexo dos corpus pode resultar complexo para os niveis iniciais. É por isto que se recomenda un nivel intermedio. Aínda que, dependendo do tipo de UFS, o/a profesor/a pode adaptar as tarefas e o uso dos corpus a niveis máis baixos.

Esperamos que esta proposta sirva de exemplo aos profesores de español como lingua estranxeira, ampliando as oportunidades de traballo cos corpus e enriquecendo a experiencia de aprendizaxe do estudantado. Ademais, que esta iniciativa fomente o uso dos corpus en clases de español para estranxeiros, non só para mellorar a comprensión das UFS, senón tamén para desenvolver habilidades de comprensión lectora, oral e escrita.

As seccións que seguen están divididas en: a metodoloxía empregada na elaboración da proposta; un breve marco teórico no que se fai unha definición sucinta dos somatismos e algúns apuntes sobre o uso da fraseoloxía nas clases de linguas estranxeiras; a proposta didáctica coas súas tarefas correspondentes e, por último, as consideracións finais.

2. Metodoloxía

A creación da proposta didáctica baseouse nunha metodoloxía coidadosa e estruturada que considerou diversos pasos para garantir a súa efectividade e pertinencia no ensino/aprendizaxe de español LE/L2. A continuación, detállanse os principais pasos seguidos durante o proceso de deseño:

- Realizouse unha análise do contexto educativo no que se pode aplicar a proposta didáctica, considerando o nivel do estudantado, os recursos dispoñibles e as características específicas dos aprendices. Ademais, identificáronse as necesidades do estudantado en canto á comprensión e produción de unidades fraseolóxicas somáticas.
- Levouse a cabo unha breve revisión bibliográfica sobre os somatismos e a fraseoloxía no ensino de español LE/L2.
- Optouse por utilizar os *Corpus de Referencia del Español Actual* (CREA) e *Spanish Web Corpus 2018* (esTenTen18) debido á diversidade de materiais procedentes de diferentes fontes e países de fala hispana.
- Establecéronse obxectivos xerais e específicos claros e alcanzables para a proposta didáctica. Estes obxectivos centráronse en familiarizar ao estudantado coas UFS e o manexo dos corpus.
- Diseñáronse actividades didácticas variadas e adaptadas ao nivel B2. Estas actividades enfocáronse no enriquecemento das UFS, a identificación de significados metafóricos, o uso contextualizado das expresións e a autonomía na busca de información nos corpus.
- Organizouse unha secuencia coherente de actividades que segue unha progresión lóxica para facilitar a asimilación gradual dos contidos. Consideráronse actividades introdutorias, de práctica, consolidación e aplicación dos coñecementos adquiridos a través dunha avaliación final.
- Desenvolvéronse materiais didácticos para apoiar as actividades, incluíndo follas de traballo, exercicios interactivos e guías de uso dos corpus.
- Por último, propoñemos a realización dunha avaliación da proposta didáctica mediante a aplicación piloto nun grupo de estudantes de español LE/L2, coa intención de recompilar as impresións dos estudantes para identificar posibles melloras e axustes necesarios.

Neste sentido, a metodoloxía utilizada baseouse nun enfoque pedagóxico apoiado pola lingüística de corpus e a investigación no ensino de segundas linguas. Cada paso foi coidadosamente planificado para maximizar a aprendizaxe e a comprensión das unidades fraseolóxicas somáticas, ofrecendo aos aprendices unha experiencia enriquecedora e significativa no seu proceso de adquisición da lingua española.

3. Marco teórico

3.1 Os somatismos (SO)

Antes de somerxernos na definición e características dos somatismos, resulta relevante aclarar certos aspectos relacionados coas unidades fraseolóxicas (UFS). Para iso, comezaremos coa definición de unidade fraseolóxica (UF) ou fraseoloxismo (FR) partindo da perspectiva de Mellado Blanco (2004: 197) que, de acordo coa autora:

Los FR son cadenas complejas constituidas al menos por dos palabras. Sus rasgos más relevantes son su relativa estabilidad y su significado unitario, lo cual posibilita su

aprendizaje, memorización y reproducción en bloque, como si de lexemas simples se tratara. Algunos de ellos son idiomáticos total o parcialmente y en general sobresalen por la elevada proporción de semas connotativos expresivos.

Noutras palabras, as UFS caracterízanse por estar compostas por dúas ou máis palabras, ter a capacidade de reproducirse na fala como combinacións previamente establecidas e amosar idiomaticidade. Por idiomaticidade Mellado Blanco (2004: 41) entende o «significado figurado de los signos». Isto quere dicir que o significado dunha UF non se deduce dos elementos illados que a compoñen, senón que se desprende do conxunto de elementos constitutivos de dita UF. Tomamos como exemplo a locución *poner pies en polvorosa* na que o significado unitario de *huir* despréndese de todos os elementos que a compoñen (Saracho Arnáiz, 2015:127).

Dentro do ámbito fraseolóxico podemos atopar unidades diversas, entre elas as locucións somáticas (SO), obxecto da proposta didáctica, que, de acordo con Mellado Blanco (2004: 11), son fraseoloxismos que posúen algunha características peculiares. O primeiro indicio dun SO é o que ten que ver co conxunto de palabras que «contienen lexemas referidos a partes u órganos de la anatomía humana o animal (lexemas somáticos)». Ademais deste trazo fundamental, Mellado Blanco (2004, *apud* Saracho Arnáiz, 2015: 130) engade os seguintes:

- a) Contienen en su estructura un sustantivo de órgano o de parte del cuerpo humano;
- b) abundan los verbales (en alemán), los cuales poseen aspectos gramaticales relevantes;
- c) desde el punto de vista semántico-funcional, refuerzan el significado de situación o comportamiento humano de manera expresiva, siendo que una gran mayoría aportan un aspecto cualitativo negativo; e) su significado se puede analizar en tres niveles: 1) significado primario, es decir, el significado de los componentes por separado (el campo semántico del componente base del SO es ‘partes y órganos del cuerpo humano’); 2) significado recto o literal del SO (puede acercarse o alejarse del significado del nivel 3 y, así ser más transparente o más opaco); y 3) significado unitario o fraseológico, el cual se podrá clasificar en diversos campos onomasiológicos.

Así mesmo, o significado dos somatismos (SO) pode ser nalgúns casos idiomático e noutros casos semiidiomático. É dicir, nalgúns casos, o sentido do conxunto de palabras pode ser unitario, mentres que, noutros, non o é. Isto supón que o significado dos SO xeralmente é máis amplo que o das UFS e a súa interpretación pode depender do contexto de uso, o cal pode estar influenciado pola metáfora (Saracho Arnaiz, 2015: 142).

3.2 As UFS en clases de español LE/L2

Na actualidade existe o consenso de que para desenvolver unha competencia comunicativa sólida nunha lingua estranxeira, é esencial aprender os contidos fraseolóxicos. Neste sentido, a inclusión das UFS nas clases de español ou outras linguas estranxeiras é imprescindible, segundo sinala Timofeeva Timofeev (2013: 394). Nesta mesma liña Wu (2016: 11) comenta que:

Las unidades fraseológicas constituyen una parcela indispensable del léxico debido a su uso frecuente en el lenguaje hablado y escrito, y su conocimiento resulta importante no

solo para el aprendizaje de una lengua extranjera, sino también para el conocimiento de la cultura y la mentalidad de una nación.

Agora ben, non está claro dende que nivel se debe comezar a abordar esta temática nas aulas de linguas estranxeiras. No caso do español, o *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza y evaluación* (MCER) e o *Plan curricular del Instituto Cervantes* (PCIC) recoñecen a importancia da fraseoloxía. O MCER contempla o ensino das «expresiones de sabiduría popular» e o PCIC inclúe un apartado no que se recomenda a inserción da fraseoloxía a partir do nivel B2. De acordo co visto, o ensino da fraseoloxía, polo menos no ámbito español, só está prevista a partir dos niveis intermedios (Fraile Muñoz, 2017: 202). Non obstante, Fraile Muñoz (2027: 207) suxire que se deberían introducir as unidades fraseolóxicas desde os niveis iniciais, empezando coas UF máis básicas nos niveis A1 e A2 e ir aumentando gradualmente o nivel de dificultade a medida que se avance na aprendizaxe da lingua ata os niveis avanzados. Esta cuestión foi amplamente discutida por varios autores entre os cales se poden destacar, ademais de Fraile Muñoz (2017), os traballos de Leal Riol (2013), Timofeeva Timofeev (2013), Szyndler (2015), Mendizábal de la Cruz (2016) e Penadés Martínez (2023).

En relación coas unidades fraseolóxicas somáticas, Saracho Arnaiz (2015: 142-143) afirma que «debido a su significado semiidiomático y a la universalidad de la metáfora que normalmente incorporan, son las unidades más idóneas de la lengua para ser utilizadas por la Fraseodidáctica de ELE en los niveles bajos (A1 y A2) o intermedios (B1 y B2)». Non obstante, comezar coas UFS dende os niveis iniciais pode ser complicado debido á dificultade que supón tanto no proceso de aprendizaxe como no labor de ensinanza. Isto débese á falta de materiais nivelados que apoien ao profesorado na presentación axeitada das UFS, considerando o nivel dos e das estudantes. Aínda que hoxe en día existen moitas unidades didácticas que incorporan a fraseoloxía, son escasas as que establecen unha clasificación específica das UFS a ser ensinadas/aprendidas en cada nivel. Algúns manuais soamente abordan este tema a partir dos niveis intermedios (B2-B2), mentres que outros nin sequer o inclúen nos niveis avanzados.

Todo isto parece indicar que a fraseoloxía ocupa un espazo pouco representativo dentro do universo do ensino de LE/L2 (González Rey, 2004, 2012) e é por isto polo que o profesor de LE/L2 desempeña un papel fundamental á hora de seleccionar os contidos fraseolóxicos apropiados para diferentes niveis e no deseño de tarefas axeitadas para abordar este tema nas aulas xa sexa en niveis iniciais, intermedios ou avanzados. Dada a ampla dispoñibilidade de información, unha solución efectiva sería empregar de maneira axeitada os corpus lingüísticos na creación de materiais e no ensino (Muñón 2017; Vázquez Rozas y Blanco 2022; Cortes 2022). Por esta razón, a continuación, presentamos unha proposta didáctica para as unidades fraseolóxicas somáticas no contexto do español, o cal integra os corpus en todas as actividades e pode adaptarse facilmente a outras linguas e/ou tarefas.

4. Proposta didáctica

4.1 Obxectivos da proposta didáctica

Esta proposta didáctica ten como obxectivo principal achegar aos alumnos e profesores aos corpus do español para consultar o significado dalgunhas UFS somáticas a partir do vocabulario relacionado co corpo humano.

Igualmente, as tarefas propostas máis abaixo teñen os seguintes obxectivos específicos:

1. Que os alumnos e profesores poidan familiarizarse co uso dos corpus nas clases de español LE/L2 e adquiran as competencias suficientes para manexar os corpus con certa autonomía dentro e fóra da aula.
2. Que os alumnos e profesores sexan capaces de adaptar os coñecementos adquiridos a outros exercicios relacionados coa fraseoloxía ou calquera outro tema.
3. Que os alumnos, a partir da consulta aos corpus, poidan deducir o significado das UFS en cuestión.
4. Que os alumnos, a través do uso dos corpus, poidan entender o contexto de uso dos somatismos e a súa posterior aplicación en contextos reais de uso da lingua.

4.2 Os Corpus

Neste apartado presentaremos os corpus utilizados na elaboración da proposta didáctica para achegalos aos profesores. Nesta ocasión, seleccionamos dous corpus: o *Corpus de Referencia del Español Actual* (CREA) e o *EsTenTen18* dispoñible a través da plataforma *Sketch Engine*. Ambos conteñen materiais heteroxéneos do español peninsular e latinoamericano. Aínda que se pode utilizar calquera outro corpus.

4.2.1 Corpus de Referencia del Español Actual (CREA)

O CREA é un *corpus* bastante representativo debido a que conta con máis de 160 000 000 de formas. Ademais, está composto por diversos tipos de textos orais (10%) e escritos (90%). Cabe subliñar que o 50% dos textos proceden de España e os demais 50% de América Latina, unha mostra suficientemente representativa das variedades do español. A documentación que hai no CREA foi recompilada dende o ano 1975 ata o 2004 (RAE).

Na actualidade, o CREA conta con dúas versións: unha anotada (beta 0.4), dispoñible a través do enlace <https://apps2.rae.es/CREA/view/inicioExterno.view>, na que se permite facer buscas a través dos lemas, formas ou clases de palabras (Figura 1) e outra non anotada <http://corpus.rae.es/creanet.html>. Para a realización das tarefas eliximos a versión anotada pois permite facer buscas por formas, lemas ou categorías gramaticais. Na consulta das UFS propostas máis abaixo, os alumnos e profesores poden utilizar a opción *Forma*, posto que este motor de busca permite aos usuarios facer consultas compostas de máis dunha unidade léxica (Figura 1).



Figura 1. Interface de busca do CREA por *Forma*

4.2.2 Spanish Web corpus 2018 (esTenTen18)

O *EsTenTen18* é parte da familia de corpus *TenTen*, que recompila corpus con máis de 10.000 millóns de palabras en diversas linguas. Este corpus está dispoñible a través da plataforma de pago *Sketch Engine* (<https://www.sketchengine.eu/>). Contén mostras representativas do español peninsular e hispanoamericano con máis de 16 953 735 742 millóns de formas.

Cabe destacar que, a diferenza do CREA, o acceso a este corpus é mediante unha plataforma de pago, o que require darse de alta. Non obstante, os usuarios poden obter unha licenza gratuíta por trinta días cunha conta simple, tempo suficiente para desenvolver as actividades propostas aquí. Unha das vantaxes deste corpus é que permite aos usuarios obter listas de palabras, concordancias e crear o seu propio corpus. Para as tarefas propostas máis adiante, recoméndase facer as consultas a través da opción *Concordancias* (Figura 2) xa que permite buscar combinacións de palabras e ver os seus respectivos contextos (como se amosa na Figura 7 do Anexo 1 a modo de exemplo).




Figura 2. Interface de busca por concordancias en *esTenTen18*

4.3 Esquema de utilización dos corpus para cada unha das tarefas

Na Táboa 1, como se pode ver máis abaixo, distribuímos as tarefas cos seus respectivos corpus e o tempo aproximado de cada unha delas.

Táboa 1. Secuencia de actividades e os corpus

Tarefa 1	Tarefa 2	Tarefa 3	Tarefa 4	Tarefa 5
Presentación do tema. Explicación sobre o uso dos <i>corpus</i> a través de exemplos do <i>CREA</i> e <i>EsTenTen18</i>	Corpus: • EsTenTen18/ • CREA	Corpus: • EsTenTen18/ • CREA	Corpus: • CREA	Corpus: • EsTenTen18/ • CREA
Tempo: 30 min	Tempo: 40 min	Tempo: 30 min	Tempo: 30min	Tempo: 1h

4.4. Contidos da proposta didáctica

Os contidos da proposta didáctica baséanse entres saberes fundamentais (Táboa 2). O primeiro fai referencia aos saberes conceptuais que teñen que ver con saber unha cousa. O segundo refírese aos metodolóxicos, saber facer unha cousa. E, por último, os socioculturais, saber como actuar diante dunha situación determinada.

Táboa 2. Distribución dos contidos

Saberes conceptuais	Saberes procedementais	Saberes socioculturais
Inferir o significado dos somatismos a través dos exemplos atopados nos corpus. Extraer informacións dos <i>corpus</i> relacionados coas UFS. Ampliar o coñecemento relacionado coas UFS somáticas.	Manexar os corpus con destreza. Observar as distintas ferramentas e posibilidades que hai nos corpus. Demostrar coñecemento sobre o uso dos corpus. Saber cando e como aplicar os SO en contextos reais.	Coñecer os aspectos socioculturais relacionados coas UFS somáticas. Contrastar aspectos das unidades fraseolóxicas relacionados coa cultura dos estudantes. Reflexionar sobre a importancia do corpus e o uso das UFS en clase de E/LE.

4.5 Secuencia de actividades

A continuación, presentaremos as actividades da proposta didáctica cos exercicios e algunhas indicacións de como aplicalos na aula. O tempo de duración de cada actividade é aproximado e pode variar dependendo das características do grupo e a cantidade de participantes. Estas tarefas poden ser levadas a cabo de modo independente. Porén, se o docente o prefire, pode adaptala como material de apoio tras contextualizar o campo lexical do corpo humano nos niveis avanzados, como mencionamos na introdución. No suposto de que o docente queira utilizala como material de apoio, aconséllase seguir a

unidade 1 dos manuais *Aula Internacional 5 Plus* (Corpas, Garmendia, Sánchez e Soriano 2020) e/ou *Abanico B2* (Chamorro Guerrero, Lozano López, Martínez Gila, Muñoz Álvarez, Rosales Varo, Ruiz Farjado e Ruiz Campillo, 2011), ambos da Editorial Difusión.

A secuencia de actividades componse de cinco tarefas. A primeira consiste nunha breve introdución do tema por parte do docente. A segunda, terceira e cuarta fanse e corríxense en clase coa axuda do profesor e das consultas aos corpus. A última, a modo de avaliación, o estudante prepáraa na casa e entrégaa e/ou envíaa por correo ao profesor.

Tarefa 1. A modo de introdución, recoméndase aos profesores que, antes de empezar coas actividades prácticas, fagan unha breve presentación acerca da natureza dos corpus: para que serven e como manexalos. Ademais de explicar as principais ferramentas e vantaxes dos mesmos no proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Suponse que vai ser a primeira vez que os estudantes van a entrar en contacto con este tipo de material en clase, por isto é importante que o docente faga unha breve presentación.

Esta toma de contacto consiste nun conciso achegamento á Lingüística de Corpus e a demostración de uso dos corpus por parte do profesor, para que os estudantes se familiaricen con estes e que poidan manexalos e facer as tarefas con certa destreza. Ademais, aclarará todo tipo de dúbidas que vaian xurdindo en canto ao manexo destes. Para iso, a fin de facilitar o labor do profesor, creamos algúns tutoriais básicos que poden ser consultados máis abaixo nos anexos 1 e 2. Agora ben, recoméndase que o/a profesor/a, á hora de explicar a utilización dos corpus, execute os pasos a través do sitio web de cada corpus por medio dun proxector para que todos os estudantes poidan acompañalos. Ademais, é aconsellable que o docente, a modo de exemplo, faga consultas nos corpus usando palabras ou expresións monolexemáticas e plurilexemáticas, para que os estudantes poidan percibir as distintas posibilidades de buscas que hai neles. Por último, antes de comezar coas tarefas prácticas, o profesor debe facilitar aos estudantes os datos para acceder aos corpus que se van utilizar en clase (os enlaces de acceso atópanse no apartado dos corpus, máis arriba).

Tarefa 2. Unha vez rematada a presentación inicial e ter repasado o léxico do corpo humano de calquera manual avanzado ou material propio (sirva de exemplo os dous mencionados máis arriba, *Aula Internacional 5 Plus* e/ou *Abanico B2*), o profesor fará unha sondaxe rápida a través de preguntas sobre o significado das expresións idiomáticas da listaxe abaixo (coa axuda do proxector pódese poñer nunha diapositiva e proxectalas para que os estudantes as vexan). Sen ánimo de dar as respostas, o profesor soamente escoitará as hipóteses dos/as alumnos/as.

1. *Tomar* [alguien] *el pelo* [a alguien]
2. *Poner* [alguien] *el dedo en la llaga* [de alguien]
3. *Tener* [alguien] *un corazón de oro*
4. *Tener* [alguien] *muchacha cara*
5. *Estar* [alguien] *de morros* [con alguien]
6. *Hacer* [alguien] *oídos sordos* [a alguien]
7. *Tener* [alguien] *los pies en el suelo*

8. *Estar* [alguien] *hasta las narices* [de algo/alguien]
9. *Echar* [alguien] *en cara* [a alguien]
10. *Meter* [alguien] *mano* [a alguien]

A continuación, o/a docente preguntará os alumnos se saben que significan estes conxuntos de palabras. Espérase que alguén conteste que se trata de expresións idiomáticas ou UFS. En caso negativo, o profesor fará unha breve explicación acerca desta temática. Ademais, enfocará a atención nas unidades fraseolóxicas relacionadas co campo lexical do corpo humano para que os estudantes se acostumen ao asunto (aquí o profesor pode aproveitar a oportunidade para explicar que é unha UFS e a pluralidade de sentidos que as palabras adoptan a distintos niveis dependendo do contexto).

Tras esta breve sondaxe, o docente entregará a fotocopia da tarefa 2 (dispoñible no Anexo 3) a cada un/ha dos/as estudantes. A continuación, pediralles que, a través da consulta ao *Corpus EsTenTen 18* e/ou *CREA* (versión anotada), asocien as seguintes frases feitas da dereita (Táboa 3) cos seus respectivos significados á esquerda poñendo un ou máis exemplos ao lado.

Con esta tarefa, que durará máis ou menos 40 minutos, o/a alumno/a ten a posibilidade de relacionarse cos *corpus EsTenTen18* ou *CREA* e darse conta da importancia do contexto para inferir os significados das UFS. Despois da consulta, o profesor fará unha posta en común entre todos para descubrir se as solucións atopadas e os exemplos seleccionados se relacionan cos sentidos das UFS. Se alguén quedou con algunha dúbida, o profesor daralle resposta antes de comezar coa próxima tarefa. Tamén, se hai tempo, o docente pode facer un breve debate para saber se existen estas expresións nas linguas maternas dos estudantes e/ou se o sentido é o mesmo ou cambia dependendo dunha cultura ou outra.

Tarefa 3. Despois da actividade precedente, o profesor pedirá os estudantes que, en grupos de tres ou máis persoas, elixan polo menos cinco das expresións anteriores e completen, a través da consulta ao *CREA*, a actividade do Anexo 4.

Esta tarefa, cuxa duración pode ser de máis ou menos uns 30 minutos, por unha parte, axudará aos estudantes a ampliar as súas habilidades co uso dos *corpus*. Por outra, fomentará o traballo en equipo e continuará co coñecemento dos aspectos relacionados co emprego de cada unidade fraseolóxica en distintas partes do mundo hispano. Tras pasar o tempo estipulado, o profesor pedirá os estudantes que presenten, en clase aberta, os seus resultados subliñando os aspectos que máis chamaron a atención ao grupo.

Tarefa 4. Esta tarefa consiste en presentar as variantes das UFS traballadas a través das combinacións posibles de elementos que poden ser actualizados nunha mesma unidades fraseolóxica. Para iso, o profesor utilizará como modelo as UFS: *tener mucha cara* e *estar hasta las narices*. O docente, a través da diapositiva ou cadro branco, vai explicar que ademais de *cara* e *narices* pódense atopar outros elementos relacionados co corpo humano que ao substituílos a unidade fraseolóxica mantén o seu sentido. Para iso, a modo de exemplo, o docente pode seguir os esquemas [*tener mucha X*] e [*estar hasta X*] aclarando que o elemento X complétase cun nome, coma nos exemplos anteriores (*tener mucha* + nome sen artigo/*estar hasta* + artigo + nome). Tras esta explicación, os

estudantes, de maneira individual ou en pequenos grupos, van buscar a información a través de *EsTenTen18* ou *CREA*.

A modo de exemplo, a continuación, presentamos algunhas combinacións posibles:

- *Estar* [alguien] *hasta las narices, la coronilla, el cogote, el moño, los cojones, los huevos, las pelotas* etc. [de/con algo/alguien].
- *Tener* [alguien] *mucha cara/jeta/morro/rostro* etc.

Con esta tarefa, que pode durar de media uns 30 minutos, os/as estudantes ampliarán o coñecemento acerca das UFS. Tamén, verán con máis detalles os elementos que compoñen cada unha delas, posto que hai unidades que posúen unha parte fixa e outra variable que, ao enche-las con outros elementos, da lugar a novas unidades fraseolóxicas. Así mesmo, esta tarefa pretende ampliar o coñecemento relacionado coas UFS por medio de palabras de uso coloquial como *cojones, huevos, pelotas, coño* etc. O que permite os estudantes comprender o significado destas voces, consideralas vulgares, en contextos reais de uso.

Tras corrixir a actividade, o profesor pode aproveitar este momento para levar a cabo un pequeno debate relacionado coas palabras frecuentemente empregadas na linguaxe coloquial. Ademais, pode contrastar aspectos socioculturais vinculados coas propias experiencias dos/as estudantes nas súas linguas maternas, fomentando unha posta en común entre todos para verificar as similitudes e diferenzas entre as UFS nas diferentes linguas.

Tarefa 5. Actividade para casa (Avaliación): A modo de avaliación, os/as estudantes van ler o texto abaixo adaptado do manual *Abanico B2* e buscar os significados das expresións subliñadas nun dos *corpus* vistos nas tarefas anteriores. No Anexo 5 o profesor poderá fotocopiar a actividade ou enviala aos estudantes por correo electrónico.

Estoy hasta las narices de Juan Alberto. Es insoportable. Es una de esas personas que piensan que **es el ombligo del mundo**, que es el más alto, el más guapo, el más seductor... Pero yo sé cuál es su problema: **no tiene dos dedos de frente**, vaya, que es tonto perdido. Antes éramos muy amigos, esa es la verdad. En la Universidad siempre nos ayudábamos, nos presentábamos los apuntes, estudiábamos juntos, e incluso cuando tuvo problemas con sus compañeros de piso se vino a vivir un tiempo a mi casa. Vamos, que **éramos uña y carne**. Pero poco a poco empezó a **darme la espalda**, salía con otra gente no me llamaba nunca por teléfono... Y me daba todo tipo de excusas idiotas, hasta que me di cuenta de que me estaba **tomando el pelo**. La verdad era que yo no le interesaba ya. A pesar de todo yo nunca le **he echado en cara** lo que me hizo. Pero es que además es un caradura increíble: el otro día, en la fiesta de Blas, intento eh **meterle mano a mi novia** en un rincón. Yo estaba viendo aquel día que la miraba demasiado, y, claro, ya **tenía la mosca detrás de la oreja**, así que me acerqué para ver qué pasaba, tuvimos una discusión terrible y al final nos faltó poco para **llegar a las manos**. Desde entonces, está siempre

criticándome a mis espaldas porque no tiene valor para **decirme las cosas a la cara**. Pero si él **no tiene pelos en la lengua** y dice todo lo que piensa de mí, yo tampoco me voy a callar. Y después de todo, va contando que yo tengo la culpa de que no seamos amigos. ¡Vaya cara que tiene!

José

Texto adaptado da tarefa 4 «Doble sentido», páxina 12, do *Abanico B2*.

Esta actividade, que ten unha duración aproximada dunha hora, permitirá os estudantes poñer en práctica todo o que viron durante as sesións anteriores. Do mesmo modo, pretende avaliar se os coñecementos adquiridos foron suficientes e interiorizados polos estudantes. Ademais, con esta tarefa foméntase o traballo autónomo en casa e fai que os coñecementos adquiridos non se queden só na aula.

5. Materiais e recursos

Con relación ao material utilizado na aula, recoméndase que todos os estudantes teñan a man un ordenador portátil, tableta ou móbil con acceso a internet e bolígrafos ou lapis, posto que para levar a cabo as tarefas estes son imprescindibles. O profesor, á súa vez, necesitará o apoio dun proxector, acceso a internet, ordenador, diapositivas, rotuladores e fotocopias das tarefas.

6. Avaliación da proposta didáctica

A modo de avaliación da proposta didáctica. Ao final da última tarefa o profesor pedirá a cada un/ha dos/as estudantes que reflexionen nunha folla ou en clase aberta acerca das seguintes preguntas:

- Que foi o que che resultou máis difícil das tarefas propostas?
- Que cousas cambiarías ou non na proposta?
- Foron útiles ou non os corpus no proceso de aprendizaxe das UFS?
- Volverías utilizalos noutras actividades?

Como suxestión, o docente pode adaptar estas e/ou outras cuestións nun formulario *Google Forms* e enviarlles o enlace despois por correo para que as contesten dende casa. Iso axuda ao profesor a ter unha visión máis ampla dos resultados e analízalos con maior detalle para futuros cambios.

7. Conclusións

Con esta proposta didáctica, queremos subliñar que os corpus poden ser importantes fontes de información dunha determinada lingua e o seu emprego axeitado nas clases de español como lingua estranxeira pode ser beneficioso tanto para o alumnado como para o profesorado, principalmente á hora de traballar ou ampliar aspectos relacionados con algúns contidos que, a miúdo, non veñen detallados nas unidades didácticas dos manuais actuais.

Por todo isto, por un lado, espérase que as actividades aquí deseñadas sexan suficientes para cumprir os obxectivos xerais e específicos da proposta didáctica; por outro lado, preténdese que esta sirva de exemplo para que os profesores comencen a utilizar os corpus con maior frecuencia nas súas clases, xa sexa mediante a creación de materiais propios e a adaptación dos xa existentes, ou para incentivar os estudantes sobre a importancia do uso destes recursos no proceso de aprendizaxe do español. Con iso, prevese que os aprendices se interesen cada vez máis no uso dos corpus no proceso de aprendizaxe e, sobre todo, na fraseoloxía do español, debido á súa importancia na comunicación e o dominio da lingua, posto que aprender unha lingua estranxeira vai máis alá das regras gramaticais e as longas listas de palabras.

En resumo, a proposta didáctica sobre os somatismos e a utilización de corpus lingüísticos no ensino/aprendizaxe do español como lingua estranxeira (LE) ou segunda lingua (L2) preséntase como unha oportunidade enriquecedora tanto para os/as profesores/as como para os/as aprendices. De ser así, aínda que esta proposta aínda non fose implantada na aula, espérase que os seus beneficios e potencial sexan recoñecidos e adaptados en futuras prácticas docentes de acordo coas necesidades dos/as estudantes.

ANEXOS

Anexo 1. Titorial de apoio para facer buscas no corpus *EsTenTen18*

Paso 1. O usuario ten que darse de alta na plataforma facendo clic en LOG IN (Figura 1). Para iso hai dúas posibilidades. A primeira é a través dunha conta persoal e a segunda por medio dunha conta institucional. Moitas universidades e empresas posúen convenios coa ferramenta, o que facilita o acceso por parte dos profesores e estudantes. Porén, se o seu centro ou universidade non forma parte de ningún convenio, a ferramenta dálle a posibilidade de crear unha conta gratuíta por un mes.




Figura 1. Interface da ferramenta *Sketch Engine*

Paso 2. Despois de facer clic na opción LOG IN aparecerá a pantalla abaixo (Figura 2). Aquí pode elixir a opción de acceso: acceder a través dunha conta institucional, cunha conta de *Gmail* ou crear unha conta.




Figura 2. Pantalla de acceso á ferramenta

Paso 3. Se fai clic na opción crear unha nova conta (Sign up) aparecerá a pantalla seguinte (Figura 3) onde se lle permitirá crear unha conta e acceder á ferramenta de maneira gratuíta durante trinta días.




Figura 3. Crear unha conta gratis

Paso 4. Unha vez dentro da ferramenta aparecerá unha pantalla como na Figura 4. Soamente ten que seleccionar o idioma SPANISH e será direccionado ao *corpus esTenTen18* (Figura 5). Unha vez dentro da ferramenta aparecerá unha pantalla como na Figura 4.



Figura 4. Pantalla de selección dos *corpus*



Figura 5. Pantalla de inicio do *esTenTen18*

Paso 5. Unha vez dentro do corpus o usuario dispón de distintas opcións de busca. Aquí presentaremos soamente a busca simple porque entendemos que é suficiente para realizar a tarefa. Porén, se o/a profesor/a ou estudante quere explotar o corpus con máis detalles, pódoo facer de maneira intuitiva. Á esquerda (Figura 6) aparecen os distintos tipos de busca que se pode levar a cabo. Como suxerencia, para as actividades propostas, aconsellamos facer buscas por medio da opción *Concordancia*, busca *Básica* (Figura 7) porque nos permite escribir máis dunha palabra. Unha vez dentro da busca por concordancias aparecerá a interface de consulta (Figura 7). Soamente ten que poñer a/as palabra/s que queira buscar e facer clic en **BUSCA**. O resultado vese na Figura 8.




Figura 6. Opcións de buscas




Figura 7. Tipos de buscas (básica e avanzada)




Figura 8. Resultado da busca por *hasta las narices*

Paso 6. Unha vez atopados os resultados (Figura 8), o usuario atópase con diversas posibilidades de explotar os datos. Como se trata dunha actividade para estudantes estranxeiros, e debido a cuestións relacionadas co tempo e a cantidade de información que se pode atopar neste corpus, recoméndase a análise dos 100 primeiros exemplos atopados. Tamén se pode ver a frecuencia da busca a través da ferramenta representada na Figura 9. O usuario pode seleccionar o tipo de frecuencia que quere (Figura 10). Se a frecuencia que quere está en *la izquierda, frecuencia KWIC, a la derecha*. Na Figura 11 hai un exemplo de frecuencia por palabras á esquerda na que podemos ver que antes da unidade fraseolóxica *hasta las narices* úsase con maior frecuencia con formas do *verbo estar*.




Figura 9. Ferramenta para verificar a frecuencia




Figura 10. Distintas formas de hacer buscas por frecuencia

The screenshot shows the 'Frecuencia' table. At the top, there are buttons for 'CAMBIAR CRITERIOS' and 'ATRÁS A CONCORDANCIA'. Below the table, there are two checked options: 'Mostrar frecuencia relativa' and 'Show percentage of concordance lines'. The table has 6 rows and 4 columns: 'Word', 'Frecuencia', 'Relative ?', and '% of conc. ?'. A yellow arrow points to the first row.

Word	Frecuencia	Relative ?	% of conc. ?
estoy	687	0.04	16.29 %
Estoy	384	0.02	9.10 %
está	259	0.01	6.14 %
estaba	220	0.01	5.22 %
estamos	217	0.01	5.14 %
están	151	< 0.01	3.58 %

Figura 11. Frecuencia por formas de palabras á esquerda

As informacións aquí presentadas son de carácter meramente ilustrativo e co obxectivo de facilitar o acceso ao corpus. Porén, o usuario pode atopar moita máis información acerca de como usar a plataforma a través dos videotutoriais dispoñibles na propia ferramenta na ligazón <https://www.sketchengine.eu/user-guide/sketch-engine-video-tutorials/> ou usando a creatividade e explotando a ferramenta de maneira autónoma.

Anexo 2. Titorial básico de como utilizar o CREA

Paso 1. A diferenza do corpus anterior, o acceso ao CREA é moito máis sinxelo. A primeira vantaxe é que non fai falta darse de alta. Só ten que acceder ao corpus a través da páxina da RAE (Figura 1) <https://www.rae.es/banco-de-datos/> e estará na interface inicial do corpus (Figura 2).




Figura 1. Pantalla de acceso ao *corpus* CREA




Figura 2. Interface inicial do CREA versión anotada

Paso 2. Para buscar por unidades compostas por máis dunha palabra só ten que escribir as colocacións no motor de busca *Forma* e facer clic en concordancias (Figura 3).



Figura 3. Motor de busca por lema e/ou forma

Paso 3. Para buscar a frecuencia e datos relacionados co uso e distribución das UFS ten que facer clic en *Estadísticas* e aforrará a información respecto á *frecuencia absoluta*, *cantidad de documentos* e a *frecuencia normalizada*, a *distribución por zona* (Figura 4), a distribución por país (Figura 5), a distribución por período (Figura 6) e a distribución por tema (Figura 7). Estas informacións son útiles para completar a *tarefa 3* da proposta didáctica.




Figura 4. Datos estadísticos da unidade fraseolóxica consultada




Figura 5. Distribución por país




Figura 6. Distribución por período




Figura 7. Distribución por tema

Anexo 3. Tarefa 2

Nombre:		Fecha:	
----------------	--	---------------	--

Actividad II

Con la ayuda de los corpus *EsTenTen18* y/o *CREA* busque los significados de las unidades fraseológicas relacionadas con el cuerpo humano de la lista de la derecha y complete el cuadro abajo. No se olvide de poner algunos ejemplos.

	Significados	Ejemplos
	Engañar o gastar una broma a alguien.	
	Recordar a alguien inoportunamente algún beneficio que se le ha hecho.	
	Hablar de la realidad, aunque ésta sea dura, perjudicial o cruel. Tratar el asunto más delicado de una cuestión.	
	Ser muy generoso. Tener muy buenos sentimientos.	
	Ser muy atrevido y desvergonzado.	
	Estar enfadado o de mal humor con alguien.	
	No querer enterarse de algo. No hacer caso. No prestar atención	
	Ser realista y práctico.	
	Estar muy cansado física o moralmente. Estar muy enfadado. Estar harto.	
	Tocar a una persona con intención erótica.	

LISTA DE EXPRESIONES
1. Tomar el pelo
2. Poner el dedo en la llaga
3. Tener un corazón de oro
4. Tener mucha cara
5. Estar de morros
6. Hacer oídos sordos
7. Tener los pies en el suelo
8. Estar hasta las narices
9. Echar en cara
10. Meter mano

Anexo 4. Tarefa 3

Nombre:	
----------------	--

Fecha:	
---------------	--

ACTIVIDAD III

Ustedes van a elegir al menos cinco unidades fraseológicas de la tarea anterior y completar el cuadro abajo utilizando las informaciones disponibles en el *corpus* CREA.

Número de ocurrencias					
Número de documentos					
Las tres zonas geográficas de mayor frecuencia					
Los tres países de mayor frecuencia					
El período con mayor frecuencia de uso					
Los tres temas de mayor frecuencia					

Anexo 5. Tarefa 5

Nombre:		Fecha:	
---------	--	--------	--

EVALUACIÓN

Usted va a leer la carta abajo que José le envía a un amigo. A continuación, va a buscar el significado de las unidades fraseológicas en negrita con la ayuda de los *corpus* CREA o *EsTenTen18*. Algunas de ellas ya se han visto en clase. No se olvide enviarla al profesor o entregársela en la próxima clase.

Estoy hasta las narices de Juan Alberto. Es insoportable. Es una de esas personas que piensan que **es el ombligo del mundo**, que es el más alto, el más guapo, el más seductor... Pero yo sé cuál es su problema: **no tiene dos dedos de frente**, vaya, que es tonto perdido. Antes éramos muy amigos, esa es la verdad. En la Universidad siempre nos ayudábamos, nos presentábamos los apuntes, estudiábamos juntos, e incluso cuando tuvo problemas con sus compañeros de piso se vino a vivir un tiempo a mi casa. Vamos, que **éramos uña y carne**. Pero poco a poco empezó a **darme la espalda**, salía con otra gente no me llamaba nunca por teléfono... Y me daba todo tipo de excusas idiotas, hasta que me di cuenta de que me estaba **tomando el pelo**. La verdad era que yo no le interesaba ya. A pesar de todo yo nunca le **he echado en cara** lo que me hizo. Pero es que además **es un caradura** increíble: el otro día ,en la fiesta de Blas, intento **meterle mano** a mi novia en un rincón. Yo estaba viendo aquel día que la miraba demasiado, y, claro, ya **tenía la mosca detrás de la oreja**, así que me acerqué para ver qué pasaba, tuvimos una discusión terrible y al final nos faltó poco para **llegar a las manos**. Desde entonces, está siempre **criticándome a mis espaldas** porque no tiene valor para **decirme las cosas a la cara**. Pero si él **no tiene pelos en la lengua** y dice todo lo que piensa de mí, yo tampoco me voy a callar. Y después de todo, va contando que yo tengo la culpa de que no seamos amigos. ¡Vaya cara que tiene!

José

Texto adaptado de la Unidad 1 del manual Abanico B2 de la Editorial Difusión.

8. Referencias

8.1 Referencias bibliográficas

- Abad Castelló, M. (2019). Uso de corpus lingüísticos por y para profesores de español como lengua extranjera. *redELE: Revista Electrónica de Didáctica ELE*, 7(31) 1-20.
- Chamorro Guerrero, M.D.; Lozano López, G.; Martínez Gila, P.; Muñoz Álvarez, B.; Rosales Varo, F.; Ruiz Farjado, G. y Ruiz Campillo, J. P. (2011). *Abanico B2*. Difusión.
- Corpas, J.; Garmendia, A.; Sánchez, Nuria y Soriano, C.. (2020). *Aula Internacional 5 Plus*. Difusión.
- Cortes, V. (2022). Corpus del español y lenguaje formulaico. En Giovanni Parodi, Pascual Cantos-Gómez e Chad Howe (Eds.), *Lingüística de corpus en español/ The Routledge Handbook of Spanish Corpus Linguistics*, 283-295. Routledge.
- Fraile Muñoz, R. (2017). From lost to the river: la enseñanza de fraseología en clase de ELE. En Cervantes y la universalización de la lengua y la cultura españolas: actas del LI *Congreso Internacional de la Asociación Europea de Profesores de Español (AEPE): celebrado en Palencia (España)* del 24 al 29 de julio de 2016, 202-212. https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/aepe/pdf/congreso_51/congreso_51_19.pdf
- González Rey, M. I. (2004). A fraseodidáctica: un eido da fraseoloxía aplicada. *Cadernos de fraseoloxía galega*, 6(2004), 113-130. http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg06_05.pdf
- (2012). De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica. *Revista Paremia*, 21(3), 67-84. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/021/007_gonzalez.pdf
- Leal Riol, M. J. (2013). Estrategias para la enseñanza y aprendizaje de la fraseología en español como lengua extranjera. *Paremia*, 22, 161-170. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/022/014_leal.pdf
- MCER = Consejo de Europa (2002). *Marco común europeo de referencia para las lenguas*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco/cvc_mer.pdf
- Mellado Blanco, C. (2004). *Fraseologismos somáticos del alemán: un estudio léxico-semántico*. Peter Lang.
- Mendizábal de la Cruz, N. (2016). “Estar en el candelero”. La enseñanza de la fraseología española como segunda lengua. *marcoELE. Revista de Didáctica Español Lengua Extranjera*, 23, 1-12. <https://www.redalyc.org/pdf/921/92155205009.pdf>
- PCIC = Instituto Cervantes (2006). *Plan curricular del Instituto Cervantes. Niveles de referencia para el español*. Biblioteca Nueva. https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/plan_curricular/
- Penadés Martínez, I. (2023). Fundamentos de lingüística para la enseñanza-aprendizaje de las locuciones verbales en español lengua extranjera. *ELUA*, 40, 423-444. <https://doi.org/10.14198/ELUA.24353>
- Saracho Arnáiz, M. (2015). *La fraseología del español: una propuesta de didactización para la clase ELE basada en los somatismos*. [Tesis Doctoral Universidad de

- Santiago de Compostela] Minerva Repositorio Institucional de la USC. <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13585>
- Szyndler, A. (2015). La fraseología en el aula de E/LE: ¿ un reto difícil de alcanzar? Una aproximación a la fraseodidáctica. *Didáctica (lengua y literatura)*, 197-216. <https://redined.educacion.gob.es/xmlui/bitstream/handle/11162/179116/50867-91431-3-PB.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Timofeeva Timofeev, L. (2013). Fraseodidáctica: a fraseoloxía para a didáctica. *Cadernos Fraseoloxía Galega*, 15(1), 393-410. <http://rua.ua.es/dspace/handle/10045/40565>
- Timofeeva Timofeev, L. (2013). La fraseología en la clase de lengua extranjera: ¿misión imposible?. *Onomázein*, (28), 320-336. <https://www.redalyc.org/pdf/1345/134530174017.pdf>
- Vázquez Rozas, V. e Blanco, M. (2022). Corpus y enseñanza del español. En Giovanni Parodi, Pascual Cantos-Gómez e Chad Howe (Eds.), *Lingüística de corpus en español/The Routledge Handbook of Spanish Corpus Linguistics*. Routledge (pp. 342-356). Routledge.
- Wu, F. (2016). Fraseología comparada del español y del chino: su aplicación a la enseñanza en la clase de español como lengua extranjera. *marcoELE. Revista de Didáctica Español Lengua Extranjera*, 22, 1-14. <https://marcoele.com/fraseologia-comparada-del-espanol-y-del-chino/>

8.2 Corpus lingüísticos

- EsTenTen18 = SKETCH ENGINE. *Spanish Web corpus 2018* (esTenTen18). https://app.sketchengine.eu/#dashboard?corpname=preloaded%2Festenten18_fl6
- CREA = Real Academia Española: Banco de datos (CREA. Versión anotada) [en liña]. *Corpus de referencia del español actual*. <http://www.rae.es>

